

ÍNDICE

1

SOCIEDADE

ECONOMIA

9

13

CIENCIAS

DEPORTES

25

27

ENTREVISTAS

DEBUXOS

31

41

CATEDRAL LUGO

INSTRUMENTOS

42

44

PÁRATE A PENSAR

CINÉMATHÈQUE

46

49

VIAXE Á NEVE

LETRAS GALEGAS

51

52

RECEITAS

PASATEMPOS

55



NESTE COLEXIO...HAI CANTEIRA!



Alumnos de primaria



Alumnos de secundaria

No noso colexio hai moita xente afeccionada ao fútbol. Este deporte é moi popular entre nós, e para comprobalo non tedes máis que botar unha ollada nun recreo, onde se xogan verdadeiros torneos.

Temos compañeiros que xogan en diferentes equipos (Láncara, A Comercial e Lugo), incluso desprazándose a bastante distancia para os entrenamentos, polo que adican a maior parte do seu tempo libre a practicar este deporte.

Estes deportistas xogan en diferentes categorías (segundo a súa idade): prebenxamíns, benxamíns, alevíns, infantís, cadetes,...aínda que nalgúns ocasións algúns dos rapaces que teñen unha aptitude extraordinaria para este deporte, poden xogar (para cubrir algunha ausencia) na categoría inmediatamente superior.

Non cabe dúbida da capacidade e esforzo por este deporte que se respira entre os nosos rapaces do colexio. Tamén da súa ilusión...levando cada un, a camiseta da súa cor. Coa súas...caras reflíctese todo!

ADICCIÓN Ó MÓBIL

A adicción é unha enfermidade primaria, crónica, con factores xenéticos, psicosociais e ambientais que influencian o seu desenvolvemento e manifestacións. A enfermidade é frecuente, progresiva e fatal. Caracterízase polos episodios continuos ou periódicos de: descontrol sobre o emprego, emprego a pesar das consecuencias adversas, e distorsións do pensamento, máis notablemente negación.

Segundo un estudo crece a adicción ao móbil, sobre todo entre mozos, aos que o seu uso lles xenera ansiedade e angustia.

¿É vostede adicto?

1. A factura é o primeiro aviso. Supera vostede 30 euros mensuais?
2. Cambio de actitude. Só sabe falar a través do teléfono e non se relaciona igual cara á cara?
3. Non separarse do móbil. O móbil acompañao sempre?
4. Se usa ó móbil para comunicarse coa familia e amigos, por que está pendente del cando o ten ó ao seu carón?
5. Modificacións no hábito do sono: Está falando ou mandando SMS ata altas horas da madrugada?
6. Séntese nervoso ou angustiado cando non ten ó móbil perto?

Velaquí un claro exemplo dunha persoa que xa padeceu esta enfermidade debido ao uso inadecuado do teléfono móbil...

Iván é un rapaz de dezanove anos, fillo duns pais de clase media, e que ten teléfono móbil. Pola mañá vai á facultade da universidade onde reside.

Polas tardes asiste a un centro de rehabilitación para desengancharse da adicción ao móbil. No verán de 2003 chegou o primeiro disgusto, en 25 días gastou máis de 600 euros en chamadas e SMS. Iván, que tiña o teléfono de prepago gañou unha boa bronca e perdeu o móbil. Porén aos poucos días pediulle unha oportunidade a seus pais, eles confiaron no seu fillo e devolvéronlle o terminal. Nunha semana xa gastara de novo cincuenta euros, do que resultaron novas discusións e retirada do móbil. Pero Iván volveu convencer aos pais, e de alí a cinco días xa tiña cen chamadas e consultas en Internet. Daquela quitáronllo definitivamente. Posteriormente foi ingresado nun centro do que anos despois saíu repostado.

E agora preguntémonos: Este problema rematará ou seguirá influíndo na sociedade? Frearase o problema dalgún xeito? Talvez aprenderemos a vivir con esta enfermidade?...



“A factura é o primeiro aviso. Supera vostede 30 euros mensuais?”.

PUBLICIDADE ENGANOSA




QUE HAI DETRÁS DE...?

- Adelgace sen comer.
- Descubra o tratamento máis eficaz contra o cancro.
- A sida ten cura.
- Vitaminas de aleta de tiburón contra a artrite.
- ...Son frases escoitadas no noso país dende hai tempo... Milagrosas solucións? Que hai de certo nesas promesas?

Publicidade: Toda comunicación realizada pola persoa, nunha actividade comercial, industrial, profesional... con fin de obter bens de forma directa ou indirecta.

TIPOS DE PUBLICIDADE

Publicidade enganosa. Pode inducir a erro aos destinatarios e afectar economicamente ou ser capaz de prexudicar ao competidor.



Ó éxito das fraudes

Os consumidores malgastan en tratamentos que se poñen á venda e os resultados son novos problemas:

- Serios problemas de saúde.
- Tempo desperdiciado que se puido dedicar a un tratamento adecuado.
- Agravación do mal orixinando outro padecemento.

Falsas promesas

- Produto con efectiva e rápida cura.
- O vendedor fai uso de palabras para designar o produto:
- Descubrimiento científico.
- Cura milagrosa.
- Produto exclusivo.
- Remedio antigo.
- Ingredientes secretos.

-Publicidade ilícita. Atenta contra a dignidade da persoa (infancia, xuventude, muller...) ou vulnera valores e dereitos constitucionais.

-Publicidade enganosa. Pode inducir a erro aos destinatarios e afectar economicamente ou ser capaz de prexudicar ao competidor.

-Publicidade desleal. Confusión, coas empresas como actividades, produtos, marcas...

-Publicidade comparativa. Cando non se apoie en características esenciais dos produtos e servizos.

-Publicidade subliminal. Mediante técnicas de produción sobre o destinatario sen ser percibidas.

A cantidade de cartos que move a publicidade no noso país:

O ano pasado a inversión foi de 6.600.000 millóns de euros, pero a tendencia é a aumentar cada ano.

Peche este escrito o exemplo Wanadoo, empresa sancionada por publicidade enganosa e condenada a pagar unha multa de 7.700 euros por presentar unha campaña non suficientemente especificada.

Punto de axuda

Se vostede se considera vítima dalgunha empresa por publicidade enganosa pode acudir á asociación de defensa ao consumidor.

NON SE DEIXE ENGANAR!

O CARNÉ POR PUNTOS

Os condutores que leven menos de tres anos en posesión do permiso de condución só disporán de 8 *puntos*, mentres que os demais condutores terán unha cuota de 12 *puntos*. Unha vez sancionado, os puntos ponderanse recuperar mediante cursos de formación

ou se non se comete ningunha infracción nun período de tres anos. Por suposto, a retirada de puntos tamén vai acompañada de sancións económicas e xurídicas, dependendo da gravidade da falta.

“Os condutores que leven menos de tres anos so disporan de 8 puntos”.



PERDA DE PUNTOS

PERDA DE 2 PUNTOS:

- 1.-Conducir sen o cinto de seguridade.
- 2.-Circular cun menor sen cadeira.
- 3.-Conducir sen casco ou con casco non homologado.
- 4.-Realizar cambios de dirección prohibidos.

PERDA DE 3 PUNTOS:

- 1.-Non respetar a distancia de seguridade.
- 2.-Realizar paradas e estacionamento perigosos.
- 3.-Conducir falando polo móbil.

PERDA DE 4 PUNTOS:

- 1.-Conducir ebrio.
- 2.-Adiantamentos perigosos.
- 3.-Poñer en perigo aos ciclistas.

PERDA DE 6 PUNTOS:

- 1.-Conducir baixo os efectos das drogas e estimulantes.
- 2.-Circular en sentido contrario.

PERDA DE 8 PUNTOS:

- 1.-Darse á fuga en caso de accidente con feridos.
- 2.-Provocar un accidente por ir ebrio.



Como recuperar os puntos

Pódense recuperar os puntos de forma parcial realizando un curso de sensibilización e reeducación de doce horas. Haberá cursos de recuperación específicos para aqueles que queiran recuperar o carné de conducir. Estes cursos son especiais, máis amplos e extensos, só se poden recuperar un máximo de 8 puntos e débese superar un exame

teórico na Xefatura Provincial. Hai cursos de formación adicional para aquelas persoas ás que se lles retire o carné e realicen un curso pero non aproben o exame correspondente. Hai tres convocatorias para aprobar; se se consomen, cómpre realizar de novo o curso de recuperación.



Fortes multas

Hai unha parte da reforma legal que axiña entrou en vigor, concretamente o 9 de agosto de 2004, vinte días despois da súa publicación no BOE. Falamos dos cambios que de modo colateral se introduciron na Lei de Seguridade Vial, onde destaca xa que o importe dalgunhas sancións aumentaron moi consideradamente.

poden acadar os 1500€, polo que os condutores deben concienciarse de que levar a cabo unha boa circulación do seu vehículo pode salvar moitas vidas e aforrar moito diñeiro. Hai que ter en conta que determinadas infraccións terán tamén a súa responsabilidade penal, isto é, hai que distinguir entre a retirada do permiso ou a posible suspensión del.

Hoxe en día estas sancións

Axudas e críticas

"Haberá cursos de recuperación específicos para recuperar o carné de conducir".

Este novo sistema de puntos non pasa desapercibido. En xeral os clubs móstranse a favor desta iniciativa, mentres que os profesionais son reacios e demandan un carné específico para este tipo de traballadores.

factores fundamentais, como o automóvil e as infraestruturas. A mellora dos puntos negros nas estradas e a corrección das deficiencias na sinalización son algúns dos temas que aínda quedan pendentes.

Iso si, advírtese que este carné non debe supoñer un traspaso de toda a responsabilidade aos condutores, xa que na loita contra a siniestralidade nas estradas interveñen outros

A efectos de perda dos puntos solicitaban que só se computen sancións que sexan definitivas e firmes na vía administrativa.

Rebeca Capón Macía

Mª Isabel Novo González

Alba Fernández López

BANDAS DAS RÚAS

Estas bandas están formadas por mozos de entre 13 e 20 anos, que na súa maioría son inmigrantes latinos que chegaron a España acompañando a seus pais. Trátase de diferentes bandas cun obxectivo común: facer respecta-la raza latina, algo que nun principio debería mantelos unidos.

A entrada nunha banda vén da man dun proceso activo por parte dunha persoa de maior idade por dúas motivacións principais:

1. Búsqueda de relacións sociais, xa sexa con outros rapaces, ou para estar cerca dalgún familiar.

2. A búsqueda de seguridade, respecto e protección que a banda lle propón.

Non obstante, certos rapaces din que se senten forzados para entrar nunha banda. Tamén realizan captación de menores para inicialos na disciplina do grupo.

Algunhas bandas teñen organizacións paralelas formadas exclusivamente por mulleres. Algúns estudos indican que as mulleres tenden a abandonar antes cós homes. As cuadrillas xuvenís femininas adoitan ser tan agresivas como as masculinas. A dinámica da banda acábaas levando a delinquir.

A figura do líder pode esconderse. É posible non encontrar un único líder, se non toda unha serie de elos intermedios que desempeñan funcións de liderazgo sobre os seus subordinados.


A gran maioría das bandas prometen que van protexer e apoiar sempre, porén, ante determinadas situacións, o grupo deixa de lado a unha persoa ou da “luz verde” para que sexa castigado. Aparte, o apoio ilimitado que aseguran ofrecer baséase nunha obediencia cega e incondicional ao grupo. O mozo cre que a banda lle ha dar seguridade e os demais o

respetarán, pero co paso do tempo os problemas cos demais poden aumentar.

As bandas tenden a instalar entre os seus membros a idea de que o compromiso é de por vida e para todo o grupo. Paralelamente, o membro terá ocasión de comprobar o acoso que levan a exercer a diferentes niveis para aqueles que intentan abandonar, o que termina levando ao medo e ao silencio.

As dúas bandas predominantes son os Ñetas e os Latin Kings, dúas bandas enfrontadas. Inimigos a morte, ambos os grupos nunca saen á rúa sen levar o que eles denominan: “el acero de la vida, los cuchillos”. Estas e outras armas brancas que nun momento dado poden salvarlles a vida ou servirles como arma de destrución contra a vida doutro, xa que os seus enfrontamentos entre bandas e contra persoas anónimas son un clásico das fins de semana urbanas. Controlan o territorio a golpe de puñetazo ou pinchazo. Gañan o respecto pegando algunha paliza. Teñen tomados os parques e canchas deportivas, son os seus cuarteis xenerais. Consomen alcol e drogas, visten roupa ancha e parecen ter un código ético moi rixido (se non se actúa coa palabra, actúase co pao).

As autoridades de California comezaron a utilizar Sistemas de Posicionamento Global (GPS) para seguir os movementos dos condenados que quedaran en liberdade condicional. De levaren unha pulseira no nocello con estes sistemas as autoridades terán información constantemente actualizada sobre a súa ubicación. O dispositivo tamén inclúe unha alarma que se dispara se o seu portador intenta desfacerse dela.



“As dúas bandas predominantes son os Ñetas e os Latin Kings”.

A INMIGRACIÓN

A inmigración consiste no desprazamento de alguén a un país estranxeiro para establecerse nel. A procura de traballo é un motivo para inmigrar.

“A procura de traballo é un motivo salientable para inmigrar”.



Os inmigrantes adoitan vir na procura de traballo e unha vida mellor. En España, non sendo os iberoamericanos, a maioría son subsaharianos e marroquís. Chegan ás costas españolas en pateras, son máis ben adolescentes e tamén algunha muller con nenos menores de dez anos.



Inmigrantes galegos. Porto da Coruña 1956.

Citaremos agora algunhas das moitas noticias que día tras día nos chegan sobre esto:

Data 15 de outubro do 2003

As costas españolas sofren a segunda onda máis masiva de inmigrantes. Polo menos 550 persoas son detidas tras chegar en patera ás costas de Tarifa, Motril e Forteventura. Só o 18 de agosto do 2001, foron detidas máis persoas, un total de 567 inmigrantes.

Data 24 de agosto do 2003

Localizados un total de 248 inmigrantes cando trataban de alcanzar as costas de Cádiz en distintas embarcacións.

Data 18 de agosto do 2001

561 subsaharianos son detidos no estreito de Xibraltar e na isla canaria de Forteventura, no que foi a maior oleada de indocumentados chegados a España nun só día.

Que se pode facer?

- Para resolver este grave problema é imprescindible un desenvolvemento rural racional:
 - a) A mellora a curto prazo dos barrios de chabolas.
 - b) Que a poboación teña unha clara conciencia colectiva da necesidade dun proxecto de axuda e que participe na súa realización.
 - c) Que sempre que sexa preciso se lles facilite ós habitantes asistencia técnica.

O paro chama á túa porta, hipotecada?


Aínda que a taxa de actividade dos xoves españois é similar á media europea, o paro xuvenil é moito máis elevado en España. O emprego dos máis novos é en actividades de moi baixa cualificación. A maior parte dos que están empregados teñen contratos temporais e de moi curta duración.

Entre 2003 e 2005 o problema da vivenda pasou de preocupar ao 22% dos xoves a que o 71% o considere o principal problema. A relación entre o nivel de formación e facilidade para encontrar un emprego non é igual entre homes e mulleres menores de trinta anos. As xoves en paro teñen máis estudos cós rapaces da súa xeración. O 18% das rapazas desempregadas que teñen escasas posibilidades de lograr traballo é do 46,5%. Os parados navarros, madrileños, cántabros, asturianos e os vascos son os que mellor o teñen para saír do desemprego. Cerca de dous millóns de desempregados rexistrados no INEM teñen poucas ou moi poucas probabilidades de encontrar un emprego. Cataluña e Madrid acaparan un terzo das conversións de contratos temporais a indefinidos. Este forte crecemento débese á inclusión na reforma laboral dun plano extraordinario de bonificacións á conversión, segundo o cal as empresas que transformen empregos temporais a indefinidos recibirán axudas económicas.

Os mozos do noso país son dos cidadáns europeos que máis tardan en abandonar o niño paterno.


O 51% entre 18 e 35 anos continúa vivindo na casa familiar, a pesar de que 8 de cada 10 declara que preferiría facelo de forma independente. Son xoves moi preparados pero os seus empregos son inestables e con soldos incapaces de asumir unha cuota hipotecaria. A compra da primeira vivenda supón para os xoves españois un esforzo financeiro equivalente a un soldo íntegro de 9 anos e 3 meses. Cun salario medio de 15.562 € na franxa de idade entre 18 e 34 anos e un prezo medio da vivenda de 1.510 € por metro cadrado. O esforzo que deben realizar as mulleres supera o dos homes nun 7%. A posibilidade de adquirir a primeira vivenda sitúase como media na idade de 32 anos, só o 2% dos xoves de entre 18 e 34 anos da poboación española total se decide a comprar unha casa fronte ao 42% dos da franxa de entre 25 e 29 anos ou ao 59% de entre 30 e 34 anos. Prevese un ritmo menor de crecemento da demanda nacional de vivenda e espérase un incremento do prezo do 8,6%. O préstamo hipotecario para adquirir unha vivenda en España aproxímase ao 80% do valor de taxación, e o prazo medio de amortización é de 25 anos.

PROBABILIDADES DE ENCONTRAR EMPREGO OS DESEMPREGADOS



A BOLSA

Entendemos por bolsa aquela empresa de servizos financeiros que xestiona un mercado de valores onde se realizan negociacións de compra-venta de accións de sociedades anónimas, bonos públicos e privados, certificados, títulos de participación e unha inmensa variedade de instrumentos de inversión. En España, a referencia bursátil que seguimos é o Ibex-35, formado polas 35 mais grandes empresas españolas que cotizan en bolsa. O Ibex-35 serve como referencia do mercado estatal español.



“O Ibex-35 serve como referencia do mercado estatal español”.

Nel reflíctense todas as cousas que para ben ou para mal inflúen na subida ou baixada do prezo das accións das empresas que cotizan en bolsa. Algunhas cousas como a nacionalización dos combustibles en Bolivia influíron de maneira considerable nas empresas petroleiras españolas, ademais outras cousas como os atentados do 11-S fixeron caer as accións de Iberia e de tódalas compañías aéreas do mundo.

Esta grave baixada débese a que os pasaxeiros evitaban viaxar en avión polo medo da repetición dos atentados

A enorme inflación que esta pasando o noso

país tamén se fai notar na bolsa xa que algunhas como a xigante Acciona subiron nos últimos 8 anos un 3000%. O Ibex-35 aínda que parece mentira sigue subindo e case tódolos días marca un máximo histórico. A compra de accións no Ibex-35 pódese realizar a través dunha entidade bancaria. Os prezos son moi distintos variando segundo o que suba ou baixe a empresa. Ademais non son fixos xa que os prezos varían dependendo do porcentaxe que suba ou baixe a empresa.

Aínda que parece pouco rentable comprar accións moi caras iso significa que a empresa ten unha reputación de grandes subidas, en cambio si as accións son moi baratas a reputación non é tan brillante.




Na bolsa o sector empresarial máis importante é a construción e as infraestruturas.

Realizamos un seguimento da evolución do Ibex-35 e nel podese apreciar as subidas e baixadas do prezo das accións durante este seguimento, que se levou a cabo entre os días dezoito de outubro e un de novembro. A orde dos días non é regular xa que durante a semana o Ibex-35 está aberto, pero non ocorre o mesmo durante o fin de semana. A pesar disto os días santos abre como un día calquera semanal.



O Balance dos últimos anos é moi bo. Isto é unha das consecuencias da enorme inflación do noso país. Nos últimos anos o PIB/hab. De España acercouse considerablemente a o de outras potencias económicas mundiais como Francia, Alemaña ou Italia. A consecuencia deste momento económico tan próspero é que España xa sea unha das grandes potencias económicas mundiais, un espazo económico moi rico. Proba disto é que cada día chegan a España unha gran cantidade de inmigrantes que esperan que o próspero momento económico que vivimos lles afecte tamen a eles.



URBANISMO EN ESPAÑA

*“A riqueza é como a auga salgada, canto máis se bebe, máis sede da”
Shopenhauer.*

O urbanismo en España é un dos problemas que evidentemente preocupan a sociedade e tamén un dos máis importantes da economía española.

O gran peso das constructoras na economía española provocan que estas, xunto cos incendios e a agricultura sexan os grandes modificadores do terreo.

A causa disto España ocupa un dos tres primeiros postos da UE en porcentaxe de solo artificial. Unha boa mostra do rentables que chegan a ser as constructoras devorando o solo é o impacto que vai a producir unha urbanización para 50000 persoas que un conocido empresario madrileño planea construír en Madrid. Gracias a este maltratamento do solo os grandes empresarios da construción chegan a ser multimillonarios e incluso algúns dos homes máis ricos dos seus repectivos países.

Por outra parte é normal que as empresas constrúan desenfrenadamente xa que non se considera a vivenda un obxecto de uso senon unha inversión (un alto

porcentaje das vivendas españolas estan desocupadas). Máis do 30% da primeira liña de praia de España esta urbanizada, o que se considera un grave impacto medioambiental.

Debido a esta gran demanda, o prezo da vivenda en España é elevadísimo (en Alemania o aluguer é moito menor a pesar de ser un país cun PIB/habitante maior que o noso) e cunhas expectativas de cambio moi pouco alentadoras.

Nos próximos anos esperase unha gran demanda europea de vivenda en España, sobretudo nas grandes cidades españolas e no litoral.

Algunhas comunidades españolas xa aprobaron estratexias para frear o urbanismo pero tamén outro movemento destacado son as manifestacións organizadas por xóvenes que non son capaces de adquirir unha vivenda debido ó seu desproporcionado prezo e que nalgúns casos vense obrigados a invertir en pisos demasiado pequenos.

En España aínda conservamos un espazo natural privilexiado que debemos conservar.




Iago Jacob Rodriguez
Alejandro López

CIENCIAS

CURIOSIDADES CIENTIFICAS

A ciencia está inzada de feitos curiosos, ameos e interesantes, aquí tedes unha boa selección de datos. E é que a ciencia non ten por que ser aburrida...

- Normalmente redondéase a velocidade da luz entorno aos 300 000 km/segundo.
- A luz tarda 8 minutos e 17 segundos en viaxar desde o Sol ata a superficie terrestre.
- A Terra rota a unha velocidade de 1 609 km/h, pero desprázase a través do espazo á increíble velocidade de 107 826 km/h.
- Cada ano máis de un millón de terremotos golpean a Terra.
- Cando o volcán de Krakatoa fixo erupción en 1883, a forza que desatou foi tan colosal que puido oírse en Australia, a máis de 4 800 km de distancia.
- En outubro de 1999, un iceberg del tamaño de Londres desprendeuse da barreira de xeo Antártica.
- Se poideses conducir en liña recta cara ao espazo, chegarías en pouco máis de unha hora.
- Os astronautas non pueden eructar porque a ingravidez non permite a separación de líquido e gas nos seus estómagos.
- Unha millonésima da millonésima da millonésima da millonésima da millonésima de segundo despois do Big Bang, o universo tiña o tamaño dun ervello.
- A árbore máis grande de todos os tempos era un eucalipto australiano. En 1872 rexistrou unha altura de 132 m.
- Dentro de 5 mil millóns de anos o Sol quedará sen combustible e converterase nunha Xigante Vermella.
- Sen a súa capa de mucosidade, o estómago dixeriríase a el mesmo.
- No corpo humano hai 96 560 Km. de vasos sanguíneos.
- A Chamada da balea xibosa produce un sonido máis alto có do Concorde e pode ser escoitado a 926 Km. de distancia.
- Unha cuarta parte das especies vexetais do planeta estarán en perigo de extinción no ano 2010.
- Cada persoa perde máis de 18kg de pel durante a súa vida.
- Transmítense máis xermes dando a man que bicando.
- O glaciar máis longo do Antártico, o glaciar Almbert, ten 400 km de longo e 64 de ancho.
- Nalgún lugar do pestanexar dunha canle de televisión mal sintonizada encóntrase a radiación de fondo desprendida polo Big Bang.
- A xestación do elefante africano dura 22 meses.
- O bandicut de nariz curto ten un periodo de xestación de tan só 12 días.
- No século XIV a peste negra acabou coa vida de 75 millóns de persoas. As pulgas da rata negra eran as portadoras da enfermidade.
- O 90% das mortes por furacáns prodúcense por afogamento.
- Se cada estrela da Vía Láctea tivese o tamaño dun gran de sal, entre todas poderían encher unha piscina olímpica.
- O noso programa de radio máis antigo, de 1930, xa viaxou a través de 100000 estrelas.




“Vemos a luz do atardecer laranxa e violeta, porque chega demasiado cansa de loitar contra o espazo e o tempo”.
A. Einstein

QUENTAMENTO GLOBAL E EFECTO INVERNADOIRO

Dentro dun invernadoiro a temperatura é máis alta que no exterior porque entra máis enerxía da que sae, pola estrutura do habitáculo, sen necesidade de empreguemos calefacción para quentalo. A temperatura media na Terra é duns 15°C e se a atmósfera non existise sería duns -18°C. Chámaselle efecto invernadoiro por similitude, porque en realidade a acción física pola que se produce é totalmente distinta á que acontece nun invernadoiro de plantas. O efecto invernadoiro fai que a temperatura media da superficie da terra sexa 33°C .En meteoroloxía, defínese efecto invernadoiro como o proceso natural que se produce na primeira capa da atmosfera (troposfera superior) responsable de que a enerxía irradiada dende o chán só sexa liberada parcialmente ao espacio. Na atmosfera están os gases de invernadoiro principalmente o dióxido de carboboño, o metano e o vapor de augaque teñen a propiedade de deixar pasar os raios do Sol cara á Terra, e limitar a saída cara o espacio dos emitidos por refraccion dende o chán..O non marchar a enexía calorificaa da Terra fai que se produza un cambio climático,producindo un aumento das temperaturas excesivo ,causando impactos como o desxeo dos polos.

“Case todo o que realice será insignificante, pero é moi importante que o faga”.



AS CONSECUCENCIAS DO QUENTAMENTO GLOBAL: A FUSIÓN DOS XELOS E O ASCENSO DO NIVEL DO MAR

Unha das consecuencias máis importantes do aumento das temperaturas globais é a fusión dos xelos dos casquetes polares e glaciares e o ascenso do nivel do mar. Hoxe en día, as investigacións científicas din que dentro de cen anos o nivel do mar aumentara de 1 a 2 metros de altura.As principais zonas de fusión dos xelos serán:os casquetes polares do norte e sur do planeta(como en 1999 que se desprendeun iceberg do tamaño de Londres da barreira de xeo da Antartida),os glaciares das altas montañas ,como o do Everest, que poden

chegar a perder na súa totalidade todo o xeo e neve, os campos de xeo de América do norte e sur, os de Asia A fusión dos xelos irá engrosando os caudais dos ríos, ou desaguará directamente ó mar causando un ascenso do seu nivel. o que é particularmente grave si se considera que máis da metade da poboación do mundo vive nas costas;Isto afectara a países tan poboados como India ou os da península indochina onde os habitantes viven en terras baixas ,que serían inundadas.

ZONAS AFECTADAS POLO DESXEO

O aumento do nivel do mar castigará especialmente aos habitantes das costas das Illas pequenas, dos deltas (como o Ebro en España), que terá que asumir os efectos sociais e económicos como a perda das pesca danos en praias e infraestructuras costeiras, pero sen embargo o sector máis afectado será o turismo xa que pequenas Illas paradisíacas como son as Pequenas Antillas Hawai e Kiribati pode chegar a desaparecer no futuro. Tamen hai que destacar as numerosas plataformas petrolíferas construídas nos grandes acoéanos que dentro duns anos poden chegar a quedar sumerxidas nas grandes masas de auga o que causará grandes problemas económicos aos países e empresas que viven da explotación do petróleo.

En España as zonas máis afectadas serán as costas como a galega, valenciana, asturiana, vasca e a murciana, debido a baixa altitude do terreo. As illas de Canarias e Baleares tamen se verán afectadas sobre todo as pequenas illas

como Eivisa, El Hierro, Formentera ..., xa que a poboación vive moi preto do mar. Estímase que nestas zonas algunhas casas constrúanse aproximadamente a vinte metros do mar, e dentro de cento cincuenta anos esperase que o mar ascenda sete metros, o que causará inundacións coincidindo coas mareas vivas e de fondo.

En Galicia as zonas máis afectadas serán as rías, como a de Muros e Noia, na que se sembroca o Río Tambre. As pequenas illas costeiras como Arousa, Cies, Ons e Onceta, espérase que dentro de cen ou cento cincuenta anos desaparezan.

O aumento do nivel do mar causará que moita da poboación do mundo emigre cara as zonas interiores dos países, sobre todo a aqueles países situados entre os trópicos e os paralelos 40, causando ao aumento de poboación de cidades como Madrid, Berlín,...

AS CONSECUENCIAS DO QUMENTAMENTO GLOBAL: O CICLO HIDROLÓXICO, SEQUÍAS E INUNDACIÓNS

O qumentamento global causará alteracións no ciclo hidrolóxico. De acordo con sofisticados modelos matemáticos feitos para predicir o comportamento dos elementos do clima no mundo, a distribución das precipitacións variará nun grande número de zonas. Algunhas delas,

faranse máis áridas e outras recibirán maior cantidade de chuva; asimesmo, as precipitacións en forma de neve cambiarán a pluviais. Tamén hai que destacar que as inundacións nos continentes, cada vez serán mais numerosas e destructivas.

"Na natureza non hai premios nin castigos: só consecuencias"
(Proverbio chinés).

CONCLUSIÓN

O mundo vai sendo cada vez máis consciente da fragilidade do planeta. O que está claro é que hai que baixar as emisións dos gases de efecto invernadoiro se non queremos que o noso planeta sexa un gran océano con algunha que outra pequerrecha illa. A historia das negociacións para mitigar o cambio climático iníciase en 1995. Berlín, Xenebra, Río de Xaneiro, Kioto, e Tokio foron fitos importantes onde se discutiron as posibilidades de reducir as emisións e organizar un mundo sen contaminación. O protocolo de Kioto foi o máis completo e o que demandou maiores sacrificios; sen embargo, os seus resultados non foron todo o esperado (xa que países moi industrializados e con grandes emisións de gases de efecto invernadoiro como os EEUU non o ratificaron) e posteriormente continuáronse as discusións para atopar novas solucións ó problema.

OS INCENDIOS

Un incendio é unha combustión (a altas temperaturas) de materiais inflamables de carácter destrutivo e inesperado, de maneira violenta, rápida e incontrolable que arrasa a vexetación, construcións,...

Podemos clasificar os incendios en:

-Provocados: orixinados de xeito voluntario e intencionado. Estímase que en Galicia o 90% dos incendios son intencionados.

-Non provocados: orixinados de maneira fortuita (efecto lupa de vidrios, queimas incontroladas, cigarrillos mal apagados, ...)



Incendios Galicia 15 agosto 2006

"Convertide unha árbore en leña e poderá arder para vós, pero xa non producirá nin flores nin froitos"
R. Tagore

Efectos dos incendios

-Erosión do solo que o deixa improductivo. Este efecto erosivo vese agravado polo potencial erosivo da chuvia

-Contaminación dos recursos hídricos (ríos, rías, mar, auga subterránea, lagos) onde van a parar as cinzas

-Disminución da biodiversidade xa que desaparecen especies
-Contaminación atmosférica. Nos incendios emitense gases de efecto invernadoiro procedente da combustión.

Os incendios que afectaron a Galicia nos últimos anos arrasaron unhas 205.000 hectáreas de solo, deteriorando gravemente o medio ambiente galego (asolando bosques autóctonos, carballeiras, soutos, terras de cultivo, animais, etc)

Só cando a derradeira árbore estea morta, o derradeiro río envelenado e o derradeiro peixe atrapado, daraste conta de que os cartos non se comen.

Este verán arderon en Galicia 77.000 hectáreas: 38.500 en Pontevedra, 28.000 en A Coruña, 8.500 en Ourense e 2.000 en Lugo. O solo podería recuperarse en catro ou cinco anos se non hai erosión. Se hai erosión o solo que se perdu podería tardar centos ou miles de anos en regenerarse. O que máis está en risco con os ecosistemas acuáticos xa que a erosión arrastrou o solo e cinzas cara as rías.

O Código Penal Español castiga con cinco anos de cárcere a quenes provoquen lumes en bosques, masas forestais, pero a condena pódese elevar a vinte anos se o incendio pon en perigo vidas humanas. A Eurocámara propón sancionar con máis dureza aos incendiarios. A delegación de eurodiputados visitará as zonas da UE máis afectadas polo lume.



Os incendios en Galicia fotografados polo satélite Envisat

Este verán poidemos ler noticias como estas:

“ O azor e o gavián serán as aves máis afectadas polo incendio que afectou á lagoa de Caque. O concello pentenente a Castro de Rei resultou danado polo incendio, segundo manifestaron varios ornitólogos, os máis afectados son as aves e a vegetación”

“Un incendio destrizou unha

extensión de monte raso e arboleda, fundamentalmente eucalipto e piñeiro nas aforas de Meira. Pechouse unha estrada, e os helicópteros e bombeiros traballaron todo o día para apagalo. O incendio arrasou cinco hectáreas de terreo e ao perecer non foi intencionado”

Pablo Rivera López
Iago Fernández

ALERTA MEDIOAMBIENTAL

Elaboramos unha enquisa con 40 preguntas que considerábase apropiadas sobre diversos temas de actualidade medioambiental. A enquisa foi realizada a alumnos de E.S.O. do noso centro educativo entre os días 9 e 23 de marzo de 2007.

Desta enquisa podemos sacar as seguintes conclusións:

CAMBIA O CLIMA

Está claro que hai un cambio notable no clima, pero hai discrepancia sobre o tempo que hai que empezou a cambiar (días ou anos), pero debemos ter en conta que nos días previos á enquisa o tempo estivo cambiante.

Parece que a causa principal é a contaminación, aínda que abundan tamén as crenzas pouco científicas,

coma que “o tempo está tolo” ou que é un castigo de Deus.

A case todos lles preocupa o cambio do clima aínda que pensan que non poden facer nada a nivel individual e o 50% considera que deben ser as administracións as que se encarguen. E, en canto ás súas consecuencias, hai temor ás extincións de seres vivos.

ALERTA: CONTAMINACIÓN

Consideran que a contaminación provocada pola industria é un grave problema. Hai moita igualdade en canto ós sectores naturais máis afectados (bosques, ríos, atmosfera e praderías), ó igual que nas posibles consecuencias, temendo a maioría polas dificultades para a vida o empeoramento da atmosfera.

A maioría das persoas enquisadas

recoñece que contamina máis do normal pero hai discrepancias sobre a posible solución.


Aparecen tamén dous datos moi preocupantes: 3 de cada 4 persoas non fan división selectiva de lixo, e case a metade queima plásticos e materiais altamente contaminantes.

ABUSO DE ENERXÍA

A maioría cre que se gasta máis enerxía da necesaria a nivel mundial; e a nivel persoal crese que non se derrocha, aínda que unha de cada tres enquisados non fai nada por aforrala.

As mellores alternativas para a enerxía térmica por combustión son sen dúbida a solar e a eólica. Estas dúas enerxías tamén son consideradas as máis limpas.

Xeralizando, podemos dicir que hai menos de vinte aparellos eléctricos por casa, menos de trinta bombillas, e menos de dez aparellos eléctricos en continuo funcionamento. O costume de deixar os electrodomésticos en espera está moi difundido, pola contra normalmente apáganse as bombillas.



Reflexionamos sobre a enquisa

Hai unha baixa difusión dos electrodomésticos de baixo consumo (clase A), e unha alta difusión da calefacción e aire acondicionado, pero a maioría dos enquisados recoñece poñelo a unha temperatura ecolóxica (é dicir, inferior a 21 °C).

OURO LÍQUIDO: AUGA

Descubrimos outro dato importante, case a metade das persoas enquisadas se baña (gastando moita auga). Existe unha concienciación media de cerrar a auga cando non se necesita. Hai unanimidade no gasto de auga mundial: estase a gastar máis auga da necesaria.

Máis da metade usa transporte público eventualmente, pero case a metade non ten costume de desprazarse andando. O uso do coche é moi habitual.

Hai unhas 10-20 billas por casa, pero unha alta concienciación de necesidade de aforro hídrico. 7 de cada 10 persoas afirman non sufrir escaseza de auga nunca, un dato tranquilizador. “Entre todos podemos cambiar isto, aínda que sexa difícil” – segundo o 80%

“O verdadeiro progreso social non consiste en aumentar as necesidades se non en reducilas voluntariamente; pero para esos temos que ser humildes”.
M. Gandhi

REFLEXIÓNS SOBRE ESTA ENQUIZA

O clima está cambiando
Causa : contaminación
Alta preocupación por elo
Solución en mans da política

Hai contaminación
Culpabilidade : fábricas
Contamínase máis do normal
Baixa recollida selectiva de lixo e contaminación alta da atmosfera (queima de plásticos)

Estase a gastar moita enerxía
Moi boa impresión sobre a enerxía solar e boa sobre a eólica

Difusión da costume de deixar electrodomésticos en espera
Baixa difusión de electrodomésticos de baixo consumo
Moita calefacción e aire acondicionado, aínda que a unha temperatura baixa
Uso alto do coche, desprazándose pouco a pé e en transporte público
Costume de bañarse e non de ducharse
Concienciación de cerrar a auga cando non se necesita
Pouca escaseza de auga, pero conciencia de aforrar

Pódense solucionar

ANO POLAR INTERNACIONAL 2007-2008

En marzo deste ano iniciouse o Ano Polar Internacional como una iniciativa conxunta de dúas organizacións: o ISCU (Consello Internacional de Unións Científicas) e da WMO (Organización Meteorolóxica Mundial). Realizaranse numerosas investigacións científicas nas

zonas polares, coordinadas por universidades e organizacións de numerosos países.

Os alumnos de Ciencias Mediambientais queremos explicarvos a importancia de dita celebración e os logros que se pretenden conquistar.



Aurora boreal

¿POR QUÉ UN ANO?

Porque permitirá realizar observacións en ambas rexións polares durante todas as estacións



¿POR QUÉ POLAR? Porque é nas rexións polares onde se producen os cambios climáticos e ecolóxicos con maior rapidez que no resto do planeta. ademais é aquí onde se atopa información importante sobre o comportamento do sistema terrestre en épocas pasadas.



“Que bonito sería un mundo no que todos nos sentiríamos culpables”

¿POR QUÉ INTERNACIONAL? Porque o reto científico é maior que a capacidade que poida ter unha nación para afrontalo. compartiranse beneficios e estableceranse relacións entre países e organizacións.

¿POR QUÉ 2007-2008? Porque este ano celébranse os aniversarios: 125 anos dende o primeiro A.P.I. en 1882-83; 75 anos dende o segundo A.P.I. en 1932-33 e 50 anos dende o Ano Xeofísico 1957-58.



Apophis

Apophis é o nome dun asteroide que parece podería cruzarse no camiño da terra nos próximos anos. Aínda que os primeiros estudos que se realizaron desde un observatorio de Arizona apuntaban unha probabilidade de impacto bastante alta, agora mesmo os estudos máis recentes acerca deste asteroide reflicten unha remota posibilidade de que este poida impactar contra a Terra. Aínda que agora mesmo a probabilidade de impacto é de 1 entre 45000 a NASA xa ten un plano ideado e posto en marcha para desviar o asteroide no caso de que o impacto fose producirse. Foi observado por primeira vez nun observatorio de Arizona (E.E.U.U.) aínda que nesa ocasión só poido ser observado durante dúas noites, logo deste curto período de tempo observándoo,, en xullo de 2004 pérdese a pista do Apophis durante un tempo ata que en decembro do mesmo ano volve a ser observado dende un observatorio de Australia. Daquela os estudos xa avanzan un pouco máis e constátans as primeiras probabilidades de impacto contra a Terra,,. En 2013 o asteroide volverase a encontrar nunha boa posición para realizar novas observacións. De todos modos, en caso de que o Apophis se dirixise cara á terra, a NASA xa ten un plan para destruílo, que consiste en que unha sonda se dirixa cara a el. cunha A sonda divídese en dúas partes, un mísil que impactará contra o Apophis e outra parte da sonda que medirá o cráter aberto polo mísil e o desprazamento que este lle provocou ao Apophis. Aínda que pareza mentira, este asteroide móvese a unha velocidade orbital bastante elevada, superior a 30km/segundo. A súa temperatura superficial media é de arredor de 290 graos Kelvin, uns 17°C. En canto ao seu tamaño, o Apophis mide aproximadamente 300 metros. O impacto deste contra a terra sería a causa dunha auténtica apocalipse xa que o impacto equivalería ó de 40000 bombas atómicas. Isto provocaría cambios no clima e tería efectos devastadores en tódas as formas de vida que agora existen.

OS ANIMAIS MÁIS VELOCES DO MUNDO



Os **PEIXES VELA** (*Istiophorus* spp.) son dúas especies de marlines que habitan no Golfo de México e o Océano Pacífico. En distancias curtas, o peixe vela de cor azul metalizado é, probablemente, o peixe máis rápido do mar. Pode alcanzar ata 109 km/h grazas ao seu corpo hidrodinámico e musculoso. Ten unha cola ríxida en forma de media lúa, idónea para a velocidade; e a súa alta aleta dorsal, ou "vela", corta a auga como un coitelo. O fuciño estréitase ata terminar nunha punta moi afiada. Aliméntase de peixes e calamares, e solta os seus ovos en alta mar. Cos seus tres metros de envergadura e os seus cen quilos de peso é, ademais, un dos animais máis elegantes do océano. O peixe vela é o máis veloz dos peixes mariños ao alcanzar unha velocidade de 30 metros por segundo, o que supón uns 109 quilómetros por hora. Ou sexa que podería atravesar ao longo unha piscina olímpica en menos de dous segundos (unha piscina olímpica mide 50 metros). Esta velocidade lógraa grazas a un pedúnculo caudal moi poderoso, ademais pénsase que a prolongación da súa mandíbula superior é unha axuda para fender as augas ao favorecer a súa hidrodinámica.



O **GUEPARDO** ten fama de ser o animal terrestre máis rápido, pero é moi difícil determinar con toda seguridade a súa velocidade máxima. Tal dificultade débese principalmente á característica (que o guepardo comparte con outros felinos) de ser un corredor moi veloz. A presa é capturada logo dunha breve e rápida carreira, e se aquela elude a captúra, o guepardo cesa de perseguila. O can, en cambio, é un corredor de fondo e non cesa ata abater á súa presa. Coñécense dúas marcas de guepardos que alcanzaron os 114 km. por hora. Nunha ocasión, un exemplar cubriu 640 metros en 20 segundos (medidos con cronómetro).

FALCÓN PEREGRINO



Imaxinemos que un amigo ornitólogo estivese nunha das escarpadas montañas dunha serra do centro de España, e de súpeto algo lle chama a atención, un bando de pegas. Impresionado por tan rara observación queda mirándoa, escoita un forte zumbido e ve, no máis alto do ceo un mísil vivente. Un grallo alerta ás pegas, pero unha está condenada., cando un mísil se achega a máis de 350 Km/h non se pode ter un minuto de distracción, unha explosión, unhas plumas e todo acabou. Foi o príncipe das rapaces quen a alcanzou. A súa figura é esvelta e maciza, co dorso gris nas aves adultas e pardo nas novas. É difícil confundilo se temos en conta o seu tamaño, porén se poderían confundir co falcón de Eleonor, pero sería cunha observación mala e só nas illas Baleares. O seu hábitat predilecto é a paraxe con cortaduras fluviais e acantilados onde constrúe o seu niño. Existen na Península uns 5000 exemplares.

OS NOMES DOS ELEMENTOS QUÍMICOS

Tódolos elementos químicos coñecidos están ordenados no Sistema Periódico. Sábese que o elemento máis antigo coñecido é o **ouro**, que xa se utilizaba hai 7.000 ou 8.000 anos. O último elemento preparado foi o 115 chamado **ununpentio** en 2004.

A medida que os elementos químicos se foron descubrindo, houbo que darlles un nome e así podemos encontrar:

- Nomes prequímicos: os daqueles elementos coñecidos dende a antigüidade como o carbono, o xofre e o ouro.
- Nomes derivados de corpos celestes: o Helio (nome do Sol en grego), Mercurio (nome do planeta)...
- Nomes derivados de minerais dos que proceden: o flúor (do latín fluor lapis "pedra fluída")...
- Nomes originados pola exaltación de motivos patrióticos ou xeográficos: americio (derivado de América), galio (derivado de Galia, Francia en latín)...
- Nomes que lembran persoeiros da ciencia química: einstenio (Einstein), mendelevio (Mendeleiev)...

A ciencia apenas serve máis que para darnos unha idea da nosa ignorancia" Lamennais

| Período | Grupo | | | | | | | | | | | | | | | | | 18 |
|---------|-------|---|---|---|---|---|---|---|---|----|----|----|----|----|----|----|----|----|
| 1 | 1 | | | | | | | | | | | | | | | | | 2 |
| 1 | 1 | | | | | | | | | | | | | | | | | 2 |
| | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| 2 | 1 | 2 | | | | | | | | | | | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
| | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| 3 | 1 | 2 | | | | | | | | | | | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
| | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| 4 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
| | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| 5 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
| | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| 6 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
| | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| 7 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
| | | | | | | | | | | | | | | | | | | |

| Período | Grupo | | | | | | | | | | | 18 |
|---------|-------|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|----|
| 6 | 1 | | | | | | | | | | | 2 |
| 6 | 1 | | | | | | | | | | | 2 |
| | | | | | | | | | | | | |
| 7 | 1 | | | | | | | | | | | 2 |
| | | | | | | | | | | | | |

Notas:
 Metales
 Metaloides
 Non metais
 Gases nobres

(1) Base en peso atómico carbono de 12,4) indica el máis estable o el de isotopo máis coñecido.

A continuación relatamos a historia dos nomes dalgúns elementos:

WOLFRAMIO (W)

Este elemento foi illado por primeira vez do mineral chamado wolframita polos españois Fausto e Juan José de Eluyar, que lle deron ese nome. Por outra parte os suecos, que eran os maiores expertos en metalurxia da época, déronlle por nome **tungsteno**, que provén do sueco *tung* “pesado” e *sten* “pedra”. Aínda hoxe entre os metalúrgicos continúa usándose o termo tungsteno.

VANADIO (V)

Aínda que foi descuberto por outro español chamado Andrés Manuel del Río, en 1801, foi o químico sueco Sefström, quen lle puxo o nome. Vanadio deriva de Vanadis, deusa nórdica da beleza, xa que este metal produce disolucións de hermosas cores.

POLONIO (Po)

En 1898 Pierre e Marie Curie investigaban a radiactividade nun mineral que contiña Uranio. Deste mineral conseguiron aislar un novo elemento, tamén radiactivo, ó que lle chamaron Polonio en honra ó país de orixe de Marie Curie: Polonia.

HELIO (He)

Este elemento foi descuberto no espectro solar polo astrónomo inglés Sir Norman Lockyer, en 1868. Acordaron chamarlle Helio, derivado do nome do Sol en grego, *Helios*.

Non foi ata 1895 cando foi illado na Terra por Sir William Ramsay, dun mineral chamado cleveita.

RADÓN (Rn)

Tamén foi descuberto polos Curie. Ten a súa orixe na descomposición radiactiva do radio, polo que o seu nome deriva de radio.

É un gas que se xera no interior da crosta terrestre e libérase na atmosfera a través das fisuras nela. Se existe un centro habitado na súa trayectoria ascendente, as xentes que viven alí estarán expostas de forma continuada a este gas, cos seus correspondentes riscos.

FERMIO (Fm)

Este elemento foi descuberto e preparado en 1952. Seaborg, premio nobel de Química en 1951, quixo inmortalizar ó físico italiano Enrico Fermi que dirixiu nos Estados Unidos, entre 1942 e 1946 o *Proxecto Manhattan*, plan secreto dos americanos que tiña como principal obxectivo a obtención da bomba nuclear antes de que o fixesen os nazis. Fermi foi premio nobel de Física en 1938.

Yolanda Pardo, Patricia López, Raquel Álvarez, Andrea Rodríguez, Laura Rodríguez, Tamara Álvarez, Cristina Díaz, Gladis Fernández e Daniel López de 3ºB.
Susana Capón e Marta López de 4º A.

DEPORTES

Diego Armando Maradona

